XUNTA
DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

C E R T I F I C O:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do catro de outubro de dous mil dezaoito adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Aprobar o contrato plurianual de xestión da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS)."

E para que conste, asino a presente co Visto e Prace do Sr. Presidente en Santiago de Compostela catro de outubro de dous mil dezaoito.

Vº e Prace
O PRESIDENTE

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

CONTRATO PLURIANUAL DE XESTIÓN

Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

(ACIS)

Índice

CONTRATO PLURIANUAL DE XESTIÓN **3**

CLÁUSULAS **3**

1. Obxecto e estrutura do Contrato Plurianual de Xestión 3
2. Vixencia do Contrato Plurianual de Xestión 4
3. Misión e visión da ACIS 4
4. Formulación estratéxica 2018-2021: eixos, obxectivos e accións 5
5. Os compromisos recíprocos 11
6. Criterios e mecanismos para a esixencia de responsabilidades ao persoal directivo 12
7. A Comisión de Seguimento e Control 13
8. Marco de actuación en materia de xestión de recursos humanos 15
9. Política retributiva 16
10. Procedemento para a cobertura dos hipotéticos déficits 16
11. O procedemento para a introducción de modificacións ou adaptacións 16

ANEXO I: PLAN ESTRATÉXICO (EIXOS, PLANS E ACCIÓNS) **18**

Eixo 1. Formación 19
Eixo 2. Docencia 36
Eixo 3. Investigación 43
Eixo 4. Innovación 64
Eixo 5. Avaliación 87
Eixo 6. Xestión 104

ANEXO II: RECURSOS ECONÓMICOS **114**

1. Proxección estimativa de ingresos 115
2. Fontes de financiamento 115
3. Proxección estimativa de gastos 116
4. Desagregación dos recursos económicos por eixos e capítulos 116
5. Desagregación dos recursos económicos por eixos e accións 117
6. Desagregación dos recursos económicos de proxectos europeos 122

ANEXO III: RECURSOS HUMANOS **128**

ANEXO IV: RESUMO DE INDICADORES E RESULTADOS ESPERADOS POR EIXO ESTRATÉXICO **132**

Contrato Plurianual de Xestión

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante, ACIS), creada en virtude do decreto 112/2015, do 31 de xullo, é unha Axencia pública autonómica pertencente ao grupo de entidades públicas instrumentais reguladas no Título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA). A Axencia atópase adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde e posúe personalidade xurídica propia, así como tamén patrimonio e tesourería de si e autonomía na súa xestión nos termos que precisan as leis. ACIS constitúese co obxecto de garantir unha maior eficiencia e eficacia na xestión da docencia, a formación, a investigación, a innovación e a avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios.

Este Contrato Plurianual de Xestión establece os compromisos que ten que cumprir a ACIS no ámbito de actividade que comprende o desenvolvemento do obxectivo anteriormente sinalado.

O contido deste Contrato Plurianual de Xestión aprobouse, en termos de proposta, polo Consello Reitor da ACIS por acordo de data 29 de xuño de 2018, e, con carácter definitivo, polo Consello da Xunta na súa sesión do 4 de outubro de 2018.

Cláusulas

1. Obxecto e estrutura do Contrato Plurianual de Xestión

O obxecto do presente Contrato Plurianual de Xestión é establecer o marco de relacións entre a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante, ACIS) e a Xunta de Galicia e, polo tanto, o sinalamento dos compromisos asumidos por cada unha das partes para a consecución do obxectivo fixado para a dita Axencia pola lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA), na súa disposición adicional terceira.

Así pois, este Contrato Plurianual de Xestión terá por obxecto regular a actividade da ACIS mediante o sinalamento das diferentes actividades conducentes ao cumprimento da súa misión, do enfoque que debe darse á realización das mesmas, así como da asignación dos recursos orzamentarios e a dotación de persoal precisa para levar a cabo devanditas actividades.

Este documento estrutúrase indo da enunciación dos aspectos máis xerais e estratéxicos, cara ao particular e operativo. Conseguintemente, en primeiro termo exponse o obxecto así como a misión e visión da Axencia, como expresión máis sintética das aspiracións fundamentais da nova entidade instrumental. Seguidamente establécense cales serán, para o período considerado, os obxectivos estratéxicos. A concreción destas metas depende da execución dos plans de actuación e obxectivos operativos que son expostos co detalle de aliñamentos, programación de accións e indicadores no Anexo I (eixos 1 a 6, ambos incluídos).

Complétase a regulación contida neste contrato mediante unha serie de cláusulas relativas a cuestións da xestión interna da Axencia (na cláusula 5 se recollen os compromisos recíprocos asumidos polas partes asinantes do Contrato Plurianual de Xestión; na cláusula 7 se describe o funcionamento da comisión de seguimento e control; na cláusula 8 se emprende a análise do marco de actuación en materia de xestión de recursos humanos e a cláusula 10 se dedica ao tratamento dunha cuestión de tipo procedimental: a introdución de modificacións orzamentarias ou adaptacións anuais que, no seu caso, resulten procedentes).

2. Vixencia do Contrato Plurianual de Xestión

A vixencia do presente Contrato Plurianual de Xestión comezará desde o día seguinte ao da súa aprobación polo Consello da Xunta e estenderase ata o 31 de decembro de 2021.

3. Misión e visión da ACIS

Dende unha perspectiva estratéxica a creación da Axencia responde á necesidade de dotar ás actividades de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios de flexibilidade de xestión, autonomía, promoción da eficiencia e responsabilidade por resultados. Ademais, a cada vez maior complexidade da investigación biomédica (grandes orzamentos, configuración de proxectos consorciados, impacto normativo,...) demanda unha xestión diferenciada e profesinoalizada.

A base da formulación estratéxica da ACIS concrétase na definición da súa visón e misión, que establecen as metas a longo prazo e potencian o desempeño e orientación estratéxica da Axencia.

A visión é a de converterse nun elemento nucleador do ecosistema galego de coñecemento e innovación en saúde contribuíndo ao seu posicionamento como referente internacional.

A misión é actuar como un instrumento que posibilite, con máxima eficiencia e aportando valor, a xestión do coñecemento xerado no Sistema Público de Saúde en Galicia, desde o momento da súa xeración ata na transferencia a sociedade promovendo ao mesmo tempo a incorporación ao sistema de novas tecnoloxías e sistemas organizativos nun modelo de innovación aberta.

4. Formulación estratéxica 2018-2021: eixos, obxectivos e accións

O plan estratéxico da Axencia para o período 2018 – 2021 estrutúrase nos Eixos, obxectivos estratéxicos, plans de actuación, obxectivos operativos e accións que se relacionan a continuación. A descrición detallada proporciónase nos Anexos 1 a 6.

- **EIXO 1. FORMACIÓN**

O obxectivo estratéxico é promover un modelo integral de xestión da formación continuada dos profesionais que traballan no Sistema Público de Saúde de Galicia.

Obxectivo Estratéxico: Formación.

Desenvólvese a través dos Obxectivos Operativos 1, 2 e 3, estes obxectivos engloban as actuacións dirixidas a promover un modelo integral de xestión da formación continuada para acadar unha formación de excelencia orientada as necesidades do sistema.

Obxectivo operativo 1.1: Promover un plan de formación continuada adaptado ás necesidades dos profesionais.

Accións:

1.1.1 Enquisa online anual de detección de necesidades de formación.

1.1.2 Deseño modelo de ensinanza – aprendizaxe da ACIS.

1.1.3 Promover unha formación acreditada de calidade.

Obxectivo operativo 1.2: Transformar o coñecemento para favorecer novas contornas de aprendizaxe e potenciar novas metodoloxías docentes.

Accións:

1.2.1 Desenvolver unha nova Plataforma Tecnolóxica de Xestión do Coñecemento no marco do Plan de Innovación en Saúde Código 100.

1.2.2 Deseñar un plan integral de formación en simulación, en horario laboral, que provoque un troco no xeito actual de entender a actuación competencial dos profesionais do sector saúde.

Obxectivo operativo 1.3: Facilitar sinerxías e colaboracións.

Acción:

1.3.1 Xestión dun plan de colaboracións externas.

- **EIXO 2. DOCENCIA**

O obxectivo estratéxico é poñer en valor o sistema de formación sanitaria especializada no SERGAS.

Obxectivo Estratéxico: Coordinación dun modelo integral de xestión da formación sanitaria especializada no SERGAS.

Obxectivo operativo2.1: Promover unha estrutura docente de calidade.

Accións:

2.1.1 Coordinación e impulso da Rede de Comisións de Docencia de Galicia (REDEGA).

2.1.2 Desenvolvemento do marco legal de coordinación da formación sanitaria especializada.

- **EIXO 3. INVESTIGACIÓN**

O obxectivo estratéxico é fomentar unha investigación de calidade que responda aos retos do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Obxectivo Estratéxico: Investigación.

Obxectivo operativo 3.1: Consolidar unha contorna de investigación atractiva para a retención, captación e desenvolvemento de persoal investigador altamente cualificado.

Accións:

3.1.1 Consolidar unha estrutura de Servizo de Apoio ao Investigador para dar resposta ás súas consultas e resolución de incidencias.

3.1.2 Promover o desenvolvemento dunha política de RRHH que facilite a obtención da acreditación "Human Resources Excellence in Research" nos Institutos de Investigación Sanitaria (IIS) de Galicia.

3.1.3 Promover melloras nas condicións de traballo e favorecer o desenvolvemento profesional do persoal investigador.

Obxectivo operativo 3.2: Impulsar e consolidar o tecido de estruturas de apoio á investigación.

Accións:

3.2.1 Promover o aceso de pacientes a ensaios clínicos.

3.2.2 Utilización da aplicación SOPHOS para incorporar a produción científica dos Institutos de Investigación Sanitaria (IIS).

3.2.3 Potenciar os biobancos adscritos ao SERGAS.

3.2.4 Participación nos mecanismos de goberno e vinculación con axentes de investigación autonómicos e nacionais.

3.2.5 Proporcionar soporte á xestión de procesos de transferencia de resultados de investigación do Sistema Público de Saúde de Galicia.

- **EIXO 4. INNOVACIÓN**

O obxectivo estratéxico é impulsar a innovación no Sistema Público de Saúde de Galicia.

Obxectivo Estratéxico: Valorización, transferencia de resultados e innovación aberta.

Obxectivo operativo 4.1: Promover a valorización dos resultados da investigación sanitaria e a cultura de innovación entre os profesionais do SERGAS.

Accións:

4.1.1 Promover proxectos de valorización biosanitaria.

4.1.2 Culminar o desenvolvemento dun novo marco normativo para a transferencia de resultados da I+D biomédica galega.

4.1.3 Dinamizar os nodos de innovación.

Obxectivo operativo 4.2: Promover a innovación aberta no Sistema Sanitario.

Accións:

4.2.1 Xestionar e coordinar o plan de innovación Código 100 en nome do SERGAS.

4.2.2 Por en marcha e desenvolver o proxecto “Living Lab” no hospital de Ourense.

4.2.3 Coordinar e executar o proxecto EMPATTICS.

Obxectivo operativo 4.3: Promover a internacionalización da innovación do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Accións:

4.3.1 Garantir a posición de liderado de Galicia na rede do European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing (EIPONAHA).

4.3.2 Coordinar e executar o proxecto TITTAN.

4.3.3 Coordinar e executar o proxecto CODIGOMAIS.

- **EIXO 5. AVALIACIÓN**

O obxectivo estratéxico é xerar evidencia científica que sustente a toma de decisións do Sistema Público de Saúde no relativo a incorporación de tecnoloxías sanitarias, así como a adopción de novas prácticas clínicas.

Obxectivo Estratéxico: Avaliación de tecnoloxías sanitarias, elaboración de guías de práctica clínica e asesoramento científico-técnico.

Obxectivo operativo 5.1: Realizar informes de avaliacións de tecnoloxías sanitarias, así como a súa posterior difusión, solicitados pola Consellería de Sanidade/SERGAS, pola RedETS ou os organismos europeos competentes en avaliación de tecnoloxías sanitarias.

Accións:

5.1.1 Realizar informes de avaliación de tecnoloxías sanitarias para a Comisión Asesora e a Consellería de Sanidade/SERGAS.

5.1.2 Realizar os informes de avaliación de tecnoloxías sanitarias solicitadas pola "Red Española de Agencias de Evaluación de Tecnologías Sanitarias y Prestaciones del Sistema Nacional de Salud" (en adiante: RedETS).

5.1.3 Realizar actividades encomendadas polos organismos europeos relacionados coa avaliación de tecnoloxías dos que forma parte a Unidade de Asesoramento Científico-Técnico (AVALIA-T).

5.1.4 Difusión dos informes da avaliación e doutros produtos elaborados a través das redes sociais, artigos publicados en revistas científicas, boletíns electrónicos e participación en congresos e outras reunións e xornadas científicas.

5.1.5 Levar a cabo a detección e avaliación preliminar de tecnoloxías emerxentes.

Obxectivo operativo 5.2: Elaborar guías de práctica clínica e colaborar na realización doutros produtos baseados na evidencia científica así como desenvolver outras actividades propias da unidade.

Accións:

5.2.1 Realizar as Guías de Práctica Clínica (GPC) ou outros produtos baseados na evidencia (OPBE) encargados pola "Red Española de Agencias de Evaluación de Tecnologías Sanitarias y Prestaciones del Sistema Nacional de Salud"

5.2.2 Colaborar, achegando a información relativa á Comunidade Autónoma de Galicia, có Instituto Aragonés de Ciencias de la Salud para a elaboración do Atlas de variacións na práctica médica.

5.2.3 Elaborar guías e ferramentas metodolóxicas que incidan nunha maior calidade e uniformidade dos produtos elaborados polas distintas unidades e axencias de avaliación de tecnoloxías sanitarias das comunidades autónomas e países europeos.

5.2.4 Formación práctica en materias postgrao relacionadas coa documentación e a avaliación de tecnoloxías sanitarias.

5.2.5 Participación en grupos de traballo, comisións ou comités de interese estratéxico para a Consellería de Sanidade.

- **EIXO 6. XESTIÓN**

O obxectivo estratéxico é a xestión eficiente dos recursos económicos e humanos das diferentes unidades/áreas de ACIS para facilitar a consecución dos seus obxectivos.

Obxectivo Estratéxico: Xestión económica, de persoal e administrativa.

Obxectivo operativo 6.1: Xestión económica.

Accións:

6.1.1 Xestión orzamentaria: Elaboración do orzamento anual, control mensual da súa execución e xestión de expedientes de modificacións.

6.1.2 Tramitación contable de ingresos e gastos, xestión de inventarios, fiscalidade e contas anuais.

6.1.3 Seguimento e control de fondos europeos de I+D+i.

Obxectivo operativo 6.2: Xestión de persoal e administrativa.

Accións:

6.2.1 Xestión de persoal: nóminas, xestión de expedientes de contratación de persoal, control horario, tramitación de permisos, vacacións e baixas.

6.2.2 Contratación administrativa e Convenios de colaboración empresarial.

5. Os compromisos recíprocos

A través deste contrato ambas partes asumen os compromisos que se establecen a continuación:

Por parte de ACIS:

1. ACIS obrígase ao cumprimento baixo a súa exclusiva responsabilidade das disposicións legais vixentes en materia de relacións laborais, de seguridade e saúde no traballo e calquera outra de carácter xeral.

2. ACIS contará có persoal axeitado para a prestación dos servizos. No caso de xerarse baixas de persoal, sempre e cando fora necesario, procederá inmediatamente á substitución do persoal de forma que a execución deste contrato quede sempre asegurada.

3. Corresponderá a ACIS indemnizar todos os danos que se puideran ocasionar á Administración ou a terceiros como consecuencia da xestión do servizo público.

4. ACIS acadará o cumprimento dos obxectivos establecidos neste Contrato Plurianual de Xestión.

Por parte da Xunta de Galicia:

1. A provisión dos recursos orzamentarios necesarios para a consecución dos obxectivos da Axencia, segundo o establecido no Contrato Plurianual de Xestión, e recollidos nas Leis de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para cada ano.

2. A Xunta de Galicia valorará a posibilidade, previo informe favorable da Consellería de Facenda, de incorporar os custos das actividades que ACIS realizaría, adicionalmente ás xa recollidas neste

Contrato Plurianual de Xestión, no orzamento do seguinte ano para esa Área/Unidade/Servizo e así sucesivamente.

3. A Xunta de Galicia valorará a posibilidade, previo informe favorable da Consellería de Facenda, de incrementar a asignación orzamentaria do eixo de innovación se durante a vixencia do presente contrato plurianual de xestión logra obter máis fondos europeos. O incremento orzamentario equipararíase ao importe de cofinanciamento da Axencia nese proxecto europeo no capítulo 6.

4. A Xunta de Galicia valorará a posibilidade de crear 2 prazas de técnico, previo informe favorable da Consellería de Facenda, na Unidade de Asesoramento Científico-Técnico se esta acada o 90% dos seus obxectivos e sempre e cando desde a axencia ACIS se xustifique que a creación das ditas prazas é necesaria porque o cadro de persoal existente nesa unidade é insuficiente para asumir toda a carga de traballo e a realización de funcións propias que ten asignadas.

6. Criterios e mecanismos para a esixencia de responsabilidades ao persoal directivo

O persoal directivo da Axencia, está suxeito á esixencia de responsabilidade por incumprimento dos obxectivos mínimos previstos para cada área de actividade da Axencia no presente Contrato Plurianual de Xestión. Para tal efecto, terá a consideración de persoal directivo da Axencia o que ostente tal condición de conformidade co artigo 36.2 dos seus estatutos, aprobados por Decreto 112/2015, do 31 de xullo.

Ditos obxectivos mínimos establécense no 60% dos indicadores relativos aos obxectivos operativos asociados a cada área de xestión da Axencia, e aos seus eixos de actuación, de conformidade co previsto nos Anexos do presente Contrato Plurianual de Xestión.

No caso de incumprimento dos obxectivos operativos mínimos, o Consello Reitor, despois de analizar o conxunto de indicadores nos que non se acadaron os obxectivos mínimos, poderá apercibir formalmente aos directores das correspondentes áreas das consecuencias que terá o non acadar anualmente o resultado agardado de execución dos obxectivos operativos definidos no Contrato Plurianual de Xestión e cuxa xestión é responsabilidade de cada respectiva área.

En último termo, se durante 3 exercicios consecutivos se produce o apercibimento de algún membro do equipo directivo, o Consello Reitor poderá aprobar o seu cese, sen prexuízo da concorrencia doutras circunstancias que xustifiquen tal medida.

Por outro lado, no caso de que se acade ou supere o 80% dos indicadores relativos os obxectivos operativos asociados a cada área da Axencia, de conformidade co previsto nos Anexos do presente Contrato Plurianual de Xestión, as respectivas áreas poderán ser beneficiarias das medidas de recoñecemento que o Consello Reitor estime axeitadas e de conformidade coa normativa vixente que resulte de aplicación".

7. A Comisión de Seguimento e Control

Segundo o estipulado no artigo 87 da LOFAXGA, na súa nova redacción introducida pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, constitúese unha Comisión de Seguimento e Control co obxecto de interpretar e velar polo cumprimento do presente contrato e dos módulos específicos que comprende baixo a dependencia orgánica do Consello Reitor.

7.1 Constitución da Comisión de Seguimento e Control

A Comisión de Seguimento e Control estará integrada por membros nomeados pola persoa titular da Presidencia da Axencia, que non teñan responsabilidades de xestión na Axencia, correspondendo a presidencia desta Comisión a persoa que teña a representación da consellería competente en materia de sanidade como se establece no artigo 23, capítulo II, sección cuarta dos estatutos.

7.2 Funcións da Comisión de Seguimento e Control

Á Comisión de Seguimento e Control correspóndelle exercer as seguintes funcións:

A. Elaborar e aprobar o seu propio regulamento interno.
B. Avaliar a consecución dos obxectivos e o cumprimento dos compromisos establecidos no contrato de xestión.
C. Propoñer as medidas correctivas que considere necesarias para asegurar a consecución dos obxectivos.
D. Propoñer a actualización dos obxectivos operativos e compromisos anuais, incluída, se procede a adecuación dos obxectivos estratéxicos.

E. Propoñer a modificación das cláusulas deste Contrato Plurianual de Xestión , no caso de circunstancias sobrevidas que impidan o incumprimento dos compromisos establecidos por algunha das partes.
F. Formular propostas para facer efectivos os beneficios ou as responsabilidades a que houbese lugar en relación cos resultados alcanzados.
G. No caso de déficits por insuficiencia de ingresos reais, respecto dos estimados, a comisión deberá decidir si tal situación responde a unha deficiente previsión ou unha xestión ineficiente, que levará consigo a esixencia de responsabilidades, ou se, pola contra, responde a circunstancias que escapan ao control da entidade., cuxos responsables realizaron unha xestión prudente e tecnicamente correcta.
H. Formular, en todo caso, propostas para a cobertura de posibles déficits, de acordo coas normas aplicables e os criterios establecidos ao respecto pola Consellería de Facenda.
I. Analizar os resultados da xestión económico-financeira da Axencia a través da información que, de forma periódica, deberán proporcionarlle os seus órganos xestores.
J. Recibir da Xerencia da Axencia, no primeiro trimestre de cada exercicio anual, a información da execución e do cumprimento dos obxectivos establecidos no Contrato Plurianual de Xestión durante o exercicio anual inmediatamente anterior.
K. Informar ó Consello Reitor sobre a execución do orzamento da Axencia. Para tal efecto deberá recibir da Xerencia informes coa periodicidade que o Consello Reitor decida.
L. Recoller información sobre os sistemas de control e procedementos internos establecidos para asegurar o debido cumprimento das disposicións legais e demais normas aplicables así como coñecer os informes de auditoría de contas e informes adicionais sobre funcionamento do control interno e propor ao Consello Reitor as estratexias encamiñadas a corrixir as deficiencias observadas.
M. Vixiar o cumprimento das normas orzamentarias na elaboración do orzamento, así como na súa execución.
N. Informar ao Consello Reitor sobre os asuntos que este lle solicite.
O. Efectuar anualmente un informe de avaliación global do cumprimento do contrato Plurianual de Xestión polas partes, coas propostas de adaptación dos compromisos para o ano seguinte.
P. Antes do final do período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión a Comisión de Seguimento e Control, efectuar un informe global sobre o grao de cumprimento do Contrato Plurianual de Xestión e propoñerá as modificacións e adaptacións necesarias para a súa revisión e renovación.
Q. Outras funcións que expresamente lle sexan encargadas polas partes deste contrato de xestión ou que lle correspondan segundo determine a normativa legal ou regulamentaria.

7.3. Periodicidade das reunións da Comisión de Seguimento e Control

Para o correcto exercicio das súas funcións, a Comisión de Seguimento e Control reunirase trimestralmente e sempre que uns dos seus membros o solicite. A programación das reunións farase de forma que permita facer o seguimento do peche e o inicio do orzamento.

8. Marco de actuación en materia de xestión de recursos humanos

O capital humano é o activo máis importante da Axencia.

O plan de recursos humanos da ACIS está fundado nun compromiso permanente polo desenvolvemento profesional, mediante accións formativas, baseadas nun diagnóstico de necesidades previo; o fomento de incorporación de profesionais da máxima competencia e a cultura da responsabilidade polos resultados esperados.

Coa constitución da Axencia incorporáronse os medios persoais que correspondían á Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria, ao Servizo de Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias así como persoal de innovación, investigación e docencia incluído na Unidade de Innovación, na Subdirección Xeral de Investigación e Docencia, respectivamente.

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde contará con persoal funcionario, estatutario e laboral da Xunta de Galicia.

O persoal funcionario e estatutario ao servizo da Axencia rexerase polo disposto na normativa reguladora da función pública e nas súas normas de desenvolvemento.

Ao persoal laboral da xunta de Galicia destinado na Axencia garantiránselle os dereitos e deberes que se recollen no convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, e rexerase polo texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e pola demais normativa que lle resulte de aplicación ao persoal laboral ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A incorporación de persoal á Axencia realizarase logo do informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos, función pública e de avaliación e reforma administrativa.

No anexo defínese a categoría, situación, vinculación e financiamento do persoal (pendente da elaboración e aprobación da relación de postos de traballo da ACIS para adaptar a organización

do seu persoal aos compromisos e criterios de eficacia, eficiencia e especialización funcional recollidos neste Contrato Plurianual de Xestión).

9. Política retributiva

Tal e como establece na propia lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) no seu artigo 78, os conceptos retributivos do persoal funcionario serán os establecidos na normativa reguladora da Función Pública da Xunta de Galicia e dos orzamentos da Comunidade Autónoma. Por outra banda as condición retributivas do persoal laboral serán as determinadas no Convenio Colectivo de aplicación.

10. Procedemento para a cobertura dos hipotéticos déficits

De producirse déficit derivado do incumprimento das estimacións de ingresos, este será corrixido, de acordo coas circunstancias e necesidades vixentes en cada momento, mediante a minoración dos créditos orzamentarios dos gastos da Axencia que esta considere máis axeitados de acordo coas súas necesidades de execución orzamentaria polo importe correspondente.

11. O procedemento para a introdución de modificacións ou adaptacións

As modificacións ou axustes para corrixir eventuais desviacións entre o planificado e o executado, sempre que non afecten a estrutura do Contrato Plurianual de Xestión, serán aprobadas polo Consello Reitor.

En caso contrario, para a modificación do Contrato Plurianual de Xestión será necesario a aprobación do Consello da Xunta, previo informe das consellerías competentes en materia de administracións públicas e facenda, a proposta do Consello Reitor.

Enténdese que as modificacións afectan á estrutura do Contrato Plurianual de Xestión nos seguintes casos:

- Que os orzamentos da Xunta de Galicia non dotasen á Axencia da financiación prevista neste Contrato Plurianual de Xestión.

- A eliminación, redefinición ou introdución de novos obxectivos.

- A variación da contía do “valor estándar” e/ou o “valor de responsabilidade” dos indicadores que sexan avaliados numericamente en máis dun 40% do valor fixado e a alteración en máis dun mes respecto o valor establecido para os indicadores avaliados mediante datas.

Así mesmo, poderá dar lugar a modificación do Contrato Plurianual de Xestión o feito de que os orzamentos da Xunta de Galicia non dotasen á Axencia do financiamento previsto neste Contrato Plurianual de Xestión ou modificacións na contía dos recursos dispoñibles que comprometan a consecución dos obxectivos previstos.

Anexo I: Plan estratéxico (eixos, plans e accións)

Eixo 1. Formación

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1: PROMOVER UN MODELO INTEGRAL DE XESTIÓN DA FORMACIÓN CONTINUADA DOS PROFESIONAIS QUE TRABALLAN NO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1: FORMACIÓN

Antecedentes e diagnóstico de situación

A calidade e a eficiencia do Sistema Público Galego de Saúde dependen directamente das competencias dos seus profesionais. O continuo perfeccionamento e a adquisición de novas habilidades son imprescindibles para manter e optimizar o excelente nivel dos servizos sanitarios.

Neste eido, a Axencia Galega de Coñecemento e Innovación en Saúde non só aglutina todas as competencias da antiga Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS), senón que busca dar un salto cualitativo a través da innovación aberta para mellorar a xestión e abrir novas vías na formación dos profesionais.

O seu campo de actuación comprende todas as etapas da formación dos profesionais sanitarios a partir da finalización dos estudos universitarios, dende as prácticas e a especialización ata a continua adquisición de coñecemento novo tanto para o exercicio asistencial como para as labores de investigación e innovación.

As modalidades formativas, sempre abertas á incorporación de novas fórmulas, abarcan todo tipo de canles, multitude de formatos e unha gran diversidade de fontes de coñecemento, co soporte documental necesario e un rigoroso sistema acreditador das actividades.

Formación continuada

A formación continuada dos profesionais do Sistema Público Galego de Saúde é unha prioridade para ACIS. A actualización permanente das competencias para a práctica sanitaria é

imprescindible para acadar o noso obxectivo esencial: mellorar o coidado dos pacientes a través do coñecemento.

Os coñecementos e capacidades das/dos profesionais das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde determinan, en gran medida, a calidade dos servizos sanitarios dispensados aos usuarios.

Neste senso, a formación continua amósase como unha das ferramentas máis adecuadas para mellorar e adecuar, pola vía da capacitación das/dos profesionais, os servizos sanitarios ás demandas das/dos usuarias/os.

Os principios que rexen a xestión da formación continuada por parte da ACIS:

- Deseñar e renovar de maneira continuada unha oferta de actividades que acheguen valor aos profesionais de todas as áreas e especialidades a través de coñecemento aplicable á súa práctica diaria.
- Manter aberta con carácter permanente unha canle de comunicación cos profesionais para recoller as súas demandas de formación co obxectivo de que esta responda efectivamente ás súas necesidades.
- Mellorar a capacidade de todos os profesionais, independentemente das súas funcións, para a xestión, a adaptación e o liderado nos procesos de transformación que permiten que o sistema de saúde evolucione de forma áxil e efectivo.
- Incrementar a calidade e a competitividade do conxunto do sistema de saúde a través da mellora da produtividade e das competencias de cada un dos seus profesionais.
- Intensificar a motivación e o nivel de compromiso das persoas que traballan ao servizo do sistema sanitario.

Aliñamento co Plan Estratéxico de Galicia e coa Estratexia SERGAS 2020

O eixo estratéxico Formación alíñase coa prioridade (PA) e co obxectivo (OE) do **Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020** seguintes:

- PA.2.1: Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables.

a. OE 2.1.02: Promover a atención integral adaptada ás necesidades dos e das pacientes, familiares e coidadores/as.

O envellecemento da poboación e a cronicidade das enfermidades obriga a cambiar o noso sistema. Cada vez temos pacientes máis maiores, de tal xeito que a porcentaxe de persoas por riba dos 65 anos xa alcanza na nosa comunidade o 23%, con máis enfermidades crónicas concomitantes. Preto de 800.000 teñen dúas ou máis enfermidades crónicas simultaneamente.

Para abordar con éxito dito obxectivo estratéxico, establecese como unha da principais liñas de actuación promover a formación dos profesionais co obxectivo de mellorar as súas capacidades para responder con efectividade e calidade aos retos do Sistema Sanitario Público de Galicia.

En canto á **Estratexia SERGAS 2020**, o eixo Formación alienase cos obxectivos do eixo **e**stratéxico: "Atención integral adaptada ás necesidades dos pacientes, familiares e coidadores"; o cal inclúe a liña estratéxica 6: "Impulsar a xestión do coñecemento e a innovación" relativa a:

. Xestión do coñecemento: Traballarase baixo o prisma da aprendizaxe adaptativa, coa finalidade de permitir modificar os contidos e metodoloxías de formación ás necesidades de cada profesional e do sistema de saúde. Para iso, recollerase información sobre os hábitos de aprendizaxe, coñecementos, debilidades e fortalezas de cada profesional, para crear un plan de formación á medida, baseado na énfase nas áreas onde os profesionais teñen máis necesidades e adaptaranse á forma e ritmo de aprendizaxe de cada un, creando un camiño de ensino personalizado, diferenciado e adaptativo.

Complementariamente o plan do SERGAS inclúe o eixe estratéxico: "Profesionais comprometidos e coidados pola organización", que contén a liña estratéxica 11: "Coidar os bos profesionais desde que entran na organización" relativa a:

- Centros de simulación para a formación: Aumentar a dispoñibilidade e accesibilidade aos centros de simulación para a formación dos profesionais do Servizo Galego de Saúde. Contamos cunha aula de simulación na ACIS e, grazas ao subproxecto de InnovaSaúde (IS-8), acondicionáronse e dotáronse dúas novas aulas de simulación nos hospitais de Lugo e Vigo. O proxecto ten por obxectivo optimizar o uso de todos estes recursos e poñelos á disposición dos profesionais para mellorar a súa capacitación. Ademais,

unificaranse baixo un modelo de colaboración e xestión coordinada, outros recursos similares do contorno SERGAS, sempre coa filosofía de sumar iniciativas e fomentar a visibilidade de Galicia neste ámbito.

Preténdese no cadro desta Estratexia, promover a actualización de coñecementos e competencias e a mellora da cualificación dos profesionais a través de programas de formación continua.

No ámbito da formación continuada das profesións sanitarias, articularanse, actuacións e intervencións nas seguintes áreas:

- Elaborar un Plan de Formación Continuada orientado tanto ás necesidades estratéxicas da organización como ás demandas dos profesionais, que permita adaptar e mellorar as súas competencias.
- Favorecer as novas contornas de aprendizaxe e potenciar as novas metodoloxías docentes, aproveitando os Tics: contornas virtuais, teleformación e simulación médica. Desenvolver a Rede de Capacitación Sanitaria de Galicia.
- Recoñecer as actividades docentes e discentes de formación.

Obxectivo Estratéxico e Obxectivos Operativos

O “Eixo 1: FORMACIÓN” desenvólvese a través do “Obxectivo Estratéxico 1: FORMACIÓN” con tres Obxectivos Operativos. Estes obxectivos engloban as actuacións dirixidas a promover un modelo integral de xestión da formación continuada para acadar unha formación de excelencia orientada as necesidades do sistema.

Obxectivo operativo 1.1: Promover un plan de formación continuada adaptado ás necesidades dos profesionais.

Este obxectivo se dirixe a desenvolver un modelo para promover un sistema de xestión da formación continuada, flexible, dinámico adaptado ás necesidades cambiantes da nosa organización.

Na actualidade a formación continuada se estrutura en dous plans. Por unha banda, o Plan Estratéxico de Formación (PEF), no que se inclúen as actividades docentes á iniciativa dos distintos centros directivos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e, por outra banda, o Plan de Formación Continuada do persoal ao servizo do Servizo Galego de Saúde (AFEDAP) consensuado, a través da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, coas organizacións sindicais asinantes do acordo de formación continuada e que da resposta ás necesidades dos profesionais.

No Sistema Público de Saúde de Galicia, traballan máis de 36.000 profesionais, sanitarios e non sanitarios, que requiren unha actualización constante das súas competencias e habilidades.

No ano 2016 a Axencia ofreceu formación a máis de 15.000 profesionais a través de 715 actividades formativas, concretadas en arredor de 7.500 horas lectivas. Neste proceso participaron 800 relatores, que transmitiron os seus coñecementos en diversos centros e localidades da nosa xeografía, e máis de 100 colaboradores nos labores de programación docente, apoio e coordinación.

Neste sentido, o noso sistema sanitario está a sufrir grandes transformacións como consecuencia do cambio de modelo asistencial (envellecemento da poboación e cronicidade das patoloxías), feito que require dun cambio da formación continuada a un novo contexto. É vital, traballar en detectar e adiantarse ás necesidades do noso sistema para transferir e planificar unha formación, non só de alta calidade, senón tamén axustada ao modelo do novo paciente.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 1.1 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión:

Acción	Indicador/Resultado	V[1]	C[1]
1.1.1 Enquisa online anual de detección de necesidades de formación.	– Entrevistas a realizar a mandos intermedios (Nº).	700	100%
	– Enquisas a realizar de detección de necesidades a cubrir polos profesionais (Nº).	> 12.500	
	– Propostas a incorporar no plan de formación (Nº).	40	
	– Necesidades a cubrir (%).	30% (*)	

Acción	Indicador/Resultado	V[1]	C[1]
	– Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	90%	
1.1.2 Deseño modelo de ensinanza – aprendizaxe da ACIS.	– Elaborar e revisar o Modelo de Ensino Aprendizaxe. – Accións de comunicación do Modelo de Ensino Aprendizaxe (Nº). – Itinerarios tipo (Nº). – Implantación do modelo (%). – Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	Si (antes do 2ºS 2019) 17 10 75% (*) 90%	100%
1.1.3 Promover unha formación acreditada de calidade.	– Solicitudes de acreditación a presentar anualmente (Nº). – Redución de incidencias, (atrasos en resolucións) (Nº). – Expedientes a tramitar (Nº). – Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	6.900 50 (*) 6.150 90%	100%

V[1]: Valor do acumulado do indicador meta no período 2018-2021. C[1]: Grado de cumprimento esperado.
(*) Valor da última anualidade.

Accións de desenvolvemento do O.O. 1.1

ACCIÓN 1.1.1	ENQUISA ONLINE ANUAL DE DETECCIÓN DE NECESIDADES DE FORMACIÓN
Descrición	A última enquisa de necesidades formativas realizada data do ano 2003 "As necesidades de formación do persoal sanitario de administración sanitaria e non sanitario ó servicio da sanidade pública galega", editada por FEGAS. https://extranet.sergas.es/catpb/Docs/cas/Publicaciones/Docs/ContidosDiversos/PDF14-17.pdf. Elaboración dunha enquisa online de detección anual de necesidades formativas dos profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia. Realización de entrevistas a mandos intermedios sobre as necesidades dos servizos.

ACCIÓN 1.1.1	ENQUISA ONLINE ANUAL DE DETECCIÓN DE NECESIDADES DE FORMACIÓN							
	Avaliación posterior dos datos recollidos, na enquisas coma nas entrevistas, e planificación docente anual.							
Reto	Deseño anual do plan de formación en base as necesidades reais dos profesionais.							
Responsable/es	Xefe/a de Servizo de innovación formativa.							
Cronograma	**2018**		**2019**		**2020**		**2021**	
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑
Duración	A enquisa de necesidades estará a disposición de todos os profesionais do sistema no primeiro semestre do ano lectivo.							

Tarefas da acción (programación)	**2018**		**2019**		**2020**		**2021**	
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
1.Deseño da enquisa de detección de necesidades formativas e da entrevista.	☑		☑		☑		☑	
2.Validación das enquisas cos delegados de formación ACIS nas EOXIs.	☑		☑		☑		☑	
3.Deseño do formulario online e despregue das entrevistas.	☑		☑		☑		☑	
4.Avaliación e análise de resultados das enquisas e das entrevistas.		☑		☑		☑		☑
5.Difusión de resultados e deseño do plan formativo en base as necesidades demandadas.		☑		☑		☑		☑

Indicadores/Resultados esperados[1]	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**
• Nº de entrevistas a realizar a mandos intermedios	100	150	200	250
• Nº de enquisas a realizar de detección de necesidades a cubrir polos profesionais	> 2.000	> 3.000	> 3.500	> 4.000
• Nº de propostas a incorporar no plan de formación	5	8	12	15
• % de necesidades a cubrir	15%	20%	25%	30%
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa	90%	90%	90%	90%

Recursos	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**
A. Materiais	Enquisa online de necesidades. Entrevistas presenciais. Sistema de tratamento da información.			
B. Humanos	5 (*)	5 (*)	5 (*)	5 (*)

ACCIÓN 1.1.1	ENQUISA ONLINE ANUAL DE DETECCIÓN DE NECESIDADES DE FORMACIÓN			
C. Económicos	**55.125,43 €**	**55.221,07 €**	**55.502,00 €**	**55.502,00 €**

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Técnico/a Superior: 50 % da súa xornada anual, nos meses de setembro-decembro.
1 Director/a de área: 5% do seu tempo.
1 Xefe/a de Servizo de Innovación Formativa: 15% do seu tempo.
2 Auxiliares administrativos/as: 15 % da súa xornada anual, nos meses de setembro-decembro.
Realización de entrevistas presenciais a mandos intermedios por parte dos Delegados de Formación de ACIS nas sete EOXIs.
O obxectivo perseguido é adecuar o plan formativo ás necesidades dos profesionais e da organización. É necesario analizar o grao de evolución e incorporación de propostas concretas dos profesionais nos plans formativos anuais.
Os resultados esperados mediranse empregando os sistemas de información interna de ACIS (bases de datos de xestión de formación), na que se analizará a incorporación de novas propostas.

ACCIÓN 1.1.2	DESEÑO MODELO DE ENSINANZA – APRENDIZAXE DA ACIS							
Descrición	Xeración dun modelo de aprendizaxe (“Learning Strategy”), que axude a establecer as características que identifican os elementos formativos diferenciadores respecto doutras organizacións.							
Reto	Definir Itinerarios tipo, cadea de valor (roles de aprendizaxe, perfiles e competencias, libro branco de uso), e cadro de mando para orientar e mellorar a formación as necesidades dos nosos profesionais.							
Responsable/es	Técnico/a da Área de Formación de ACIS.							
	2018		**2019**		**2020**		**2021**	
Cronograma	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑
Duración	A acción ten o seu maior impacto ao longo dos anos 2018 e 2019, aínda que conta cun carácter continuo pois é necesario a realización de mellora continúa sobre o propio modelo.							

Tarefas da acción (programación)	**2018**		**2019**		**2020**		**2021**	
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
1.Obxectivos asistenciais e de coñecemento: solicitude de información previa para análise.		☑						
2.Estratexia de Aprendizaxe.		☑	☑					
3.Modelo de aprendizaxe: traballos internos de análise e revisión do Modelo de Aprendizaxe Sergas.		☑	☑					
4.Estruturación, revisión e actualización do Modelo existente de Aprendizaxe: validación do modelo.				☑	☑	☑	☑	☑
5.Implantación: Proxectos a desenvolver; Folla de ruta.				☑	☑	☑	☑	☑

ACCIÓN 1.1.2	DESEÑO MODELO DE ENSINANZA – APRENDIZAXE DA ACIS			
Indicadores/Resultados esperados[1]	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**
• Elaborar e revisar o Modelo de Ensino Aprendizaxe	Elaboración	Finalización	Seguimento	Seguimento
• Nº de accións de comunicación do Modelo de Ensino Aprendizaxe a realizar	-	1	7	9
• Nº de itinerarios tipo	0	2	3	5
• % de implantación do modelo	0%	15%	25%	75%
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa	90%	90%	90%	90%

Recursos	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**
A. Materiais	Salas de reunións Documentación dixital	Entregables: dípticos de difusión, modelo de aprendizaxe	Salas de reunión	
B. Humanos	8 (*)	8 (*)	8 (*)	8 (*)
C. Económicos	**336.768,30 €**	**337.389,36 €**	**339.213,74 €**	**339.213,74 €**

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 7 Auxiliares administrativos/as Servizo de Innovación Formativa: 50% da súa xornada anual.
1 Técnico/a Superior: 40% da súa xornada anual.

ACCIÓN 1.1.3	PROMOVER UNHA FORMACIÓN ACREDITADA DE CALIDADE							
Descrición	A formación continuada dos profesionais sanitarios está suxeita a un rigoroso sistema acreditador que lles afecta a todas as actividades deste tipo e aos provedores que as imparten. En Galicia, a súa xestión correspóndelle á Consellería de Sanidade e a Secretaría Técnica está a cargo de ACIS que se encarga da tramitación, revisión e aprobación das acreditacións dos formadores. A acreditación, que deberá realizarse conforme aos requisitos, procedementos e criterios establecidos, terá efectos en todo o territorio nacional, sexa cal sexa a administración pública que expida a acreditación.							
Descrición	O SERGAS asinou en 2016 un convenio co MINECO para desenvolver o Plan de Innovación Codigo100, dotado con 13 Millóns de Euros de Fondos FEDER. No cadro desta iniciativa, vanse desenvolver proxectos de innovación que permitan a persoalización de terapias en función das características individuais dos pacientes, o desenvolvemento de ferramentas que axudes aos pacientes a xestionar as súas enfermidades e novas ferramentas de xestión para os profesionais. O 70% dos fondos vanse a executar a través de procedementos de Compra Pública Innovadora. CÓDIGO100 necesita por tanto dunha alta dedicación de expertos en innovación e xestión de proxectos de Compra Publica Innovadora.
Reto	Cumprir cos indicadores de execución comprometidos no convenio do Código100 asinado entre o MINECO e o SERGAS.
Responsable/es	Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

Cronograma	2018		2019		2020		2021	
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
	☑	☑	☑	☑	☑	☑		

Duración	A execución do Plan de Innovación Código100 iniciouse en Xullo de 2016 e a súa execución prorrogarase ata Decembro de 2020, as actividades de coordinación e xestión do plan teñen carácter continuo.

Tarefas da acción (programación)	2018		2019		2020		2021	
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
1.Publicación de Pregos de Licitación: • Redacción de pregos. • Selección de operadores económicos. • Lanzamento e Divulgación.	☑	☑	☑					
2.Selección de Proxectos Fase 2: • Desenvolvemento de tecnoloxías. • Validación das tecnoloxías.		☑	☑	☑	☑	☑		
3.Peche do programa: • Avaliación Final. • Auditoría Financeira. • Documento de Boas prácticas e conclusións.					☑	☑		

ACCIÓN 4.2.1	XESTIONAR E COORDINAR O PLAN DE INNOVACIÓN CÓDIGO 100 EN NOME DO SERGAS			
Indicadores/Resultados esperados[1]	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**
• Nº de reunións de coordinación có Comité de Código100	2	2	2	
• Nº de reunións de coordinación coa Oficina Técnica	3	4	4	
• Nº de pregos de contratación a publicar	4			
• Nº de contratos a asinar con empresas	7			
• Nº de estudos demostradores de tecnoloxías aplicables ao ámbito do medicamento persoalizado			2	
• Nº de prototipos de dispositivos intelixentes ou aplicacións (APPs) que poidan ser incorporados á práctica clínica para a mellora da xestión dos/as pacientes			5	
• Nº de plataformas que aseguren o acceso a recursos/ dispositivos/APPs homologados pola administración sanitaria			1	
• Nº de plataformas integrais que permitan, canalizar, dinamizar e diseminar o coñecemento e xestión dos recursos humanos nos sistemas de saúde			1	
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa	90%	90%	90%	

Recursos	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**
A. Materiais	Ferramentas informáticas			Non procede
B. Humanos	2 (*)	2 (*)	2 (*)	Non procede
C. Económicos[2]	**50.709,16 €**	**49.146,36 €**	**78.301,32 €**	Non procede

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Director/a de Área: 20% da súa xornada anual.
1 Técnico/a de Innovación: 40% da súa xornada anual.
Contarase con apoio de persoal do SERGAS que participa no Programa Código100.
Tamén se contará con apoio dunha Oficina Técnica externa contratada polo SERGAS para a coordinación do Programa. O traballo de ACIS será garantir a execución e coordinación do Programa de acordo cós obxectivos do SERGAS.

(2) O beneficiario dos fondos é o SERGAS pero hai unha encomenda de xestión na que a ACIS participa con capítulo 1.

ACCIÓN 4.2.2	POR EN MARCHA E DESENVOLVER O PROXECTO LIVING LAB NO HOSPITAL DE OURENSE
Descrición	O LivingLab promove modelo de colaboración público privada para o desenvolvemento dun espazo de " co-produción e co-deseño" no que as empresas poden deseñar e testar os seus produtos en colaboración con profesionais e pacientes. Para levar á práctica esta iniciativa é necesario incorporar metodoloxías de traballo que satisfagan as motivacións de todos os actores involucrados (comunidades de pacientes, profesionais sanitarios e empresas). Ao mesmo tempo é necesario un equipo humano que guíe o proceso.
Reto	Consolidación do Living Lab do Hospital de Ourense
Responsable/es	Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria

	2018		2019		2020		2021	
Cronograma	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
		☑	☑	☑	☑	☑	☑	

Duración	Este proxecto asignouse a ACIS por parte do SERGAS en Marzo de 2017 e desenvolverase de forma continua ata decembro de 2021.

Tarefas da acción (programación)	2018		2019		2020		2021	
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
1.Definición de Metodoloxía LivingLab: • Preparación de documento estratéxico. • Presentación do documento a actores con influencia. • Mellora do documento.		☑	☑					
2.Búsqueda de financiamento: • Búsqueda de financiamento no sector público. • Búsqueda de financiamento no sector privado.		☑	☑	☑	☑	☑		
3.Lanzamento do LivingLab: • Creación dos equipos de traballo. • Lanzamento de convocatoria. • Selección de proxectos. • Execución de proxectos. • Análise de conclusións de proxectos.		☑	☑	☑	☑	☑	☑	

Indicadores/Resultados esperados[1]	2018	2019	2020	2021
• Elaboración do documento sobre o funcionamento do LIVINGLAB	Sep. 2018			
• Publicación do anuncio de Lanzamento do LIVINGLAB	Out. 2018			
• Publicación da convocatoria de anuncio de proxectos	Out. 2018			

ACCIÓN 4.2.2	POR EN MARCHA E DESENVOLVER O PROXECTO LIVING LAB NO HOSPITAL DE OURENSE			
• Nº de acordos a asinar para a implementación de proxectos dentro do LIVINGLAB		3	2	3
• Nº de proxectos a mobilizar no LIVINGLAB		3	2	3
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa	90%	90%	90%	90%

Recursos	2018	2019	2020	2021
A. Materiais	Ferramentas informáticas			
B. Humanos	3 (*)	3 (*)	3 (*)	3 (*)
C. Económicos	**12.668,36 €**	**12.277,94 €**	**35.513,86 €**	**35.513,86 €**

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Director/a de Área: 5% da súa xornada anual nos anos 2018 e 2019 e o 15% nos anos 2020 e 2021.
1 Técnico/a de Innovación: 50% da súa xornada anual.
1 Técnico/a de Innovación: 10% da súa xornada anual nos anos 2018 e 2019 e o 30% nos anos 2020 e 2021.
Contarase con apoio de persoal do SERGAS que participa no Nodo de Innovación de Ourense e da EOXI de Ourense.
Tamén se contará con apoio de persoal da Fundación Biomédica Galicia Sur.

ACCIÓN 4.2.3	COORDINAR E EXECUTAR O PROXECTO EMPATTICS
Descrición	EMPATTICS é un proxecto de compra pública pre-comercial de tecnoloxía sanitaria co-financiada polo programa Horizonte 2020 da Comisión Europea. No consorcio participan oito entidades de cinco países europeos diferentes con ACIS como socio coordinador do proxecto. O proxecto EMPATTICS busca tecnoloxías innovadoras aplicables ao campo da saúde que axuden aos enfermos crónicos a mellorar a autoxestión das súas enfermidades e incrementar a adherencia aos seus tratamentos e recomendacións médicas. A través de Compra Publica Innovadora búscanse ferramentas e solucións innovadoras desenvolvidas polas empresas e entidades participantes Non procedemento para dotar con elas aos seus pacientes. A coordinación de EMPATTICS supón que ACIS asume a xestión e coordinación diaria do proxecto, incluíndo tamén o control orzamentario do mesmo, así como a interacción directa cos responsables da Unión Europea. Por último compre resaltar que ACIS é o responsable principal da construción dos pregos que van a regular a relación entre os compradores públicos e as empresas tecnolóxicas. Segundo a Comisión Europea, espérase que EMPATTICS se vaia a converter en proxecto de referencia para a promoción de proxectos de Compra Pública Europea na UE.

ACCIÓN 4.2.3	COORDINAR E EXECUTAR O PROXECTO EMPATTICS							
Reto	Por en marcha o primeiro procedemento de Compra Pública Precomercial a escala europea coordinado por unha entidade galega.							
Responsable/es	Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.							
Cronograma	**2018**		**2019**		**2020**		**2021**	
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
	☑	☑	☑	☑				
Duración	O proxecto foi iniciado en 2016 e desenvolverase de forma continua ata decembro de 2020.							

Tarefas da acción (programación)	**2018**		**2019**		**2020**		**2021**	
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
1.Fase 1: construción de proposta teórica de Tecnoloxía: • Avaliación das 6 propostas e selección das mellores propostas teóricas das empresas licitantes. • Avaliación das 6 propostas e selección das 4 mellores.	☑							
2.Fase 2: construción de 4 prototipos: • Apoio ás empresas na execución de 4 prototipos segundo a Call for tender. • Avaliación dos 4 prototipos e selección dos 2 mellores.		☑	☑	☑				
3. Fase 3: validación de 3 tecnoloxías: • Apoio ás empresas na execución de 3 estudos demostradores. • Avaliación final do proxecto.				☑				
4.Coordinación do proxecto: • Interlocución coa Comisión Europea. • Coordinación técnica do Consorcio EMPATTICS. • Coordinación financeira do Consorcio EMPATTICS.	☑	☑	☑	☑				

Indicadores/Resultados esperados[1]	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**
• Nº de propostas a avaliar en Fase 1	6			
• Nº de proxectos de prototipos construídos a avaliar en Fase 2		3		
• Nº de estudos demostradores de novas tecnoloxías a avaliar en Fase 3		3		
• Nº de solucións tecnolóxicas a desenvolver en fase de co-creación e codeseño	6			
• Nº de prototipos a desenvolver		3		

ACCIÓN 4.2.3	COORDINAR E EXECUTAR O PROXECTO EMPATTICS			
• Nº de tecnoloxías a validar no entorno clínico do SERGAS			2	
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa		90%	90%	
Recursos	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**
A. Materiais	Ferramentas informáticas		Non procede	Non procede
B. Humanos	3 (*)	3 (*)	Non procede	Non procede
C. Económicos	**317.811,37 €**	**440.500,37 €**	Non procede	Non procede

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Director/a de Área: 20% da súa xornada anual.
1 Técnico/a de Innovación: 100% da súa xornada anual.
1 Técnico/a de Innovación: 20% da súa xornada anual.
Contarase có apoio de persoal do SERGAS que participa na avaliación das tecnoloxías nos estudos demostradores a desenvolver no entorno clínico do SERGAS.
As propostas teóricas, os prototipos e os estudos demostradores serán realizados por empresas externas segundo o prego de licitación do proxecto EMPATTICS.

Obxectivo operativo 4.3: Promover a internacionalización da innovación do Sistema Público de Saúde de Galicia

Este obxectivo persegue a promoción da innovación que se está a realizar no sistema sanitario a nivel internacional, principalmente promovendo a participación e liderado de proxectos europeos e internacionais por parte de ACIS.

A participación de proxectos europeos aporta novos coñecementos para avanzar na sustentabilidade do sistema, así como o acceso a unha rede de contactos mais ampla para complementar moitas das accións expostas nos obxectivos operativos 4.1 e 4.2. A través dos proxectos europeos entrase en contacto con mais empresas innovadora, mais centros tecnolóxicos e de I+D que poden dar resposta a demandas dos noso sistema e tamén permite o desenvolvemento de proxectos en colaboración con outras administracións sanitarias de ámbito europeo.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 4.3 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión:

Acción	Indicador	V[1]	C[1]
4.3.1 Garantir a posición de liderado de Galicia na rede do European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing (EIPONAHA).	– Reunións internacionais da rede nas que se participará (Nº). – Proxectos EIPoNAHA a avaliar (Nº). – Proxectos a subir a plataforma da rede EIPonAH como “Comitements” (Nº). – Presentación da candidatura á rede EIPonAHA (Data). – Recoñecemento en nº de estrelas na rede EIPonAHA (Nº). – Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	3 5 5 Out. 2020 3 90%	100%
4.3.2 Coordinar e executar o proxecto TITTAN.	– Workshops anuais de intercambio de boas prácticas nos que se participará (Nº). – Visitas de estudo a realizar (Nº). – Ter elaborado o documento de Action Plan para implementar boas practicas de innovación sanitaria en Galicia (Data). – Boas practicas a intercambiar dentro do proxecto TITTAN que finalmente serán implantadas en Galicia (Nº).	2 2 Out. 2020 1	100%

Acción	Indicador	V[1]	C[1]
	– Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	90%	
4.3.3 Coordinar e executar o proxecto CÓDIGO MÁIS.	– Reunións de seguimento a organizar (Nº). – Participacións en eventos de difusión (Nº). – Ter elaborado o plan estratéxico do Ecosistema (Data). – Proxectos de I+D do SERGAS a valorizar (Nº). – Proxectos de mellora asistencial no SERGAS a executar (Nº). – Ter elaborado o Plan de viabilidade dunha escola LEAN (Data). – Acordos con hubs internacionais a asinar (Nº). – Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	4 6 Xuñ. 2018 3 2 Xuñ. 2019 2 90%	100%

V[1]: Valor do acumulado do indicador meta no período 2018-2021. C[1]: Grao de cumprimento esperado.

Accións de desenvolvemento do O.O. 4.3

ACCIÓN 4.3.1	GARANTIR A POSICIÓN DE LIDERADO DE GALICIA NA REDE DO EUROPEAN INNOVATION PARTNERSHIP ON ACTIVE AND HEALTHY AGEING (EIPonAHA)
Descrición	O Sistema Sanitario Galego foi recoñecido pola rede EIPonAHA en 2016 como "reference site" de 3 estrelas (das 4 posibles) o que ven a confirmar que o noso Sistema sanitario ofrece valor engadido e probado para os cidadáns no ámbito do envellecemento. A rede do EIPonAHA inclúe a mais de 70 rexións de toda Europa. Galicia foi recoñecida por esta rede como rexión de referencia con 3 estrelas polo seu traballo a favor da promoción dun envellecemento saudábel. Esta candidatura obriga a un traballo permanente en varios ámbitos e proxectos relacionados coa promoción da innovación para unha mellor xestión da poboación envellecida. Na anterior candidatura ACIS presentou a Unión Europea perto de 10 proxectos e programas de innovación en saúde.
Reto	Manter a posición de liderado de Galicia no EIPonAHA a través do recoñecemento cun mínimo de 3 estrelas na convocatoria 2019
Responsable/es	Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

ACCIÓN 4.3.1	GARANTIR A POSICIÓN DE LIDERADO DE GALICIA NA REDE DO EUROPEAN INNOVATION PARTNERSHIP ON ACTIVE AND HEALTHY AGEING (EIPonAHA)							
	2018		2019		2020		2021	
Cronograma	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑
Duración	Galicia presentou a súa candidatura á rede do EIPonAHA en 2013, e revalidou a súa posición en 2016. O numero de estrelas é avaliado cada tres anos, pero o traballo necesario para manter a posición de líder en innovación é continuo para o período 2018-2021.							

Tarefas da acción (programación)	2018		2019		2020		2021	
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
1.Participación nas actividades da Rede EIPonAHA: • Asistencia a reunións europeas. • Dinamización dos Twinings. • Avaliación de Proxectos EIPonAHA.	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑
2.Candidatura a estrelas EIPonAHA: • Activación de actores públicos e privados galegos. • Preparación e presentación da candidatura de Galicia.	☑	☑	☑	☑	☑	☑		

Indicadores/Resultados esperados[1]	2018	2019	2020	2021
• Nº de reunións internacionais da rede nas que se participará		1	1	1
• Nº proxectos EIPoNAHA a avaliar		2	3	
• Proxectos a subir a plataforma da rede EIPonAH como "Comitements"		2	3	
• Presentación da candidatura á rede EIPonAHA			Out. 2020	
• Recoñecemento en nº de estrelas na rede EIPonAHA			3	
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa	90%	90%	90%	90%

Recursos	2018	2019	2020	2021
A. Materiais	Ferramentas informáticas			
B. Humanos	2 (*)	2 (*)	2 (*)	2 (*)
C. Económicos	**5.174,40 €**	**5.014,93 €**	**7.989,93 €**	**7.989,93 €**

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Director/a de Área: 5% da súa xornada anual.
1 Técnico/a de Innovación: 20% da súa xornada anual.

ACCIÓN 4.3.2	COORDINAR E EXECUTAR O PROXECTO TITTAN
Descrición	ACIS lidera dende o 1 de abril de 2016 o proxecto TITTAN, rede europea de intercambio de coñecemento sanitario para abordar, a través da innovación e a transferencia de tecnoloxía, o envellecemento da poboación. En TITTAN participan 7 rexións europeas: Galicia, Pais Vasco, Lombardía (Italia), Escocia (Reino Unido), Saxonia (Alemania), Baixa Silesia (Polonia) e Almere (Países Baixos). En TITTAN identificáronse 60 boas prácticas de innovación sanitaria recollidas nun "Informe de Avaliación". Agora o proxecto se centra na implementación dunha parte delas co obxectivo de mellorar os servizos de saúde. O proxecto rematará en Setembro de 2020. A coordinación de TITTAN supón que ACIS asume a xestión e coordinación diaria do proxecto, incluíndo tamén o control orzamentario do mesmo, así como a interacción directa cos responsables da Unión Europea.
Reto	Implantación dunha boa práctica de innovación en liña coas prioridades e retos sanitarios de Galicia á conclusión do proxecto.
Responsable/es	Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

Cronograma	**2018**		**2019**		**2020**		**2021**	
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
	☑	☑	☑	☑	☑	☑		

Duración	O proxecto iniciouse en Abril de 2016 e rematará en Setembro de 2020.

Tarefas da acción (programación)	**2018**		**2019**		**2020**		**2021**	
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
1.Fase 1 do proxecto: • Participación nos workshops temáticos. • Participación in situ Visit Área temática 3. • Elaboración Action Plan.	☑	☑						
2.Fase 2 do proxecto: • Negociación de Action Plan con GAIN para a selección de boa práctica a implementar. • Implementación e seguimento de boa práctica.		☑	☑	☑	☑	☑		
3.Coordinación do proxecto: • Interlocución co Secretario Técnico Conxunto de Interreg Europe. • Coordinación técnica do consorcio TITTAN.	☑	☑	☑	☑	☑	☑		

Indicadores/Resultados esperados[1]	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**
• Nº de workshops anuais de intercambio de boas prácticas nos que se participará	1		1	
• Nº de visitas de estudo a realizar	2			

ACCIÓN 4.3.2	COORDINAR E EXECUTAR O PROXECTO TITTAN		
• Ter elaborado o documento de Action Plan para implementar boas practicas de innovación sanitaria en Galicia	Out. 2018		
• Boas practicas a intercambiar dentro do proxecto TITTAN que finalmente serán implantadas en Galicia (Nº)			1
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa	90%	90%	90%

Recursos	2018	2019	2020	2021
A. Materiais	Ferramentas informáticas			Non procede
B. Humanos	4 (*)	2 (*)	2 (*)	Non procede
C. Económicos[2]	**130.298,83 €**	**11.745,52 €**	**6.766,61 €**	Non procede

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Director/a de Área: 5% da súa xornada anual nos anos 2018-2019-2020.
2 Técnicos/as de Innovación: 100% da súa xornada anual no ano 2018.
1 Técnico/a de Innovación: 20% da súa xornada anual nos anos 2018-2019-2020.

(3) O financiamento procede de fondos da UE. Tamén a contratación de dous técnicos.

ACCIÓN 4.3.3	COORDINAR E EXECUTAR O PROXECTO CODIGOMAIS
Descrición	ACIS coordina, dende Maio 2017 o proxecto CÓDIGOMAIS, enmarcado no programa INTERREG-V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020. No proxecto traballan 5 organizacións de Galicia e 4 do Norte de Portugal. CÓDIGOMÁIS pretende a creación dun Ecosistema Transfronteirizo de Innovación no ámbito da saúde. Perséguense tres Obxectivos Específicos: 1. Favorecer o fluxo de información de solucións tecnolóxicas, na área de Cooperación, tanto do lado da demanda como da oferta 2. Potenciar un Ecosistema de fomento da I+D sanitaria orientando os resultados de investigación cara o Mercado 3. Potenciar un Ecosistema de innovación sanitaria conectado Internacionalmente. O proxecto rematará en Decembro de 2019. A coordinación de CODIGOMAIS supón que ACIS asume a xestión e coordinación técnica e administrativa, incluíndo tamén o control orzamentario do mesmo, así como a interacción directa cos responsables da Unión Europea..
Reto	Cumprir cos prazos e entregables do proxecto garantindo una boa execución e coordinación do mesmo.
Responsable/es	Director/a da Área de Desenvolvemento e Innovación Sanitaria.

	2018		2019		2020		2021	
Cronograma	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
	☑	☑	☑	☑				

ACCIÓN 4.3.3	COORDINAR E EXECUTAR O PROXECTO CODIGOMAIS
Duración	O proxecto foi iniciado en 2016 e rematará en decembro de 2019 (as actividades de coordinación e desenvolvemento do proxecto terán carácter continuo).

Tarefas da acción (programación)	2018		2019		2020		2021	
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
1.Actividade 1 "Creación do ecosistema": • Documento estratéxico do ecosistema. • Páxina web.	☑							
2.Actividade 2 "Transferencia e proxectos Áncora": • Execución proxectos de transferencia. • Execución proxectos Áncora.		☑	☑	☑				
3.Actividade 3 "Innovación en servizos": • Execución de proxectos de innovación en servizos. • Elaboración do Plan da Escola Lean.		☑	☑	☑				
4.Actividade 4 "Internacionalización": • Elaboración do Plan de Internacionalización. • Visitas para acordos con hubs europeos.		☑	☑	☑				
5.Coordinación do proxecto: • Interlocución co Secretariado Técnico do programa POCTEP. • Coordinación técnica do Consorcio Código MAIS. • Código MAIS.	☑	☑	☑	☑				

Indicadores/Resultados esperados[1]	2018	2019	2020	2021
• Nº de reunións de seguimento a organizar	2	2		
• Nº de participacións en eventos de difusión	2	4		
• Ter elaborado o plan estratéxico do Ecosistema	Xuñ. 2018			
• Nº de proxectos de I+D do SERGAS a valorizar		3		
• Nº de proxectos de mellora asistencial no SERGAS a executar		2		
• Ter elaborado o Plan de viabilidade dunha escola LEAN		Xuñ. 2019		
• Nº de acordos con hubs internacionais a asinar		2		

ACCIÓN 4.3.3	COORDINAR E EXECUTAR O PROXECTO CODIGOMAIS			
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa		90%	90%	
Recursos	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**
A. Materiais	Ferramentas informáticas		Non procede	Non procede
B. Humanos	5 (*)	5 (*)	Non procede	Non procede
C. Económicos[2]	**341.343,21 €**	**247.558,56 €**	Non procede	Non procede

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Director/a de Área: 10% da súa xornada anual.
3 Técnicos/as de Innovación: 100% da súa xornada anual.
1 Técnico/a de Innovación: 20% da súa xornada anual.
Contarase con apoio de persoal do SERGAS que participa nos proxectos de transferencia de tecnoloxía e nos procesos de innovación en servizos.

(2) O financiamento procede de fondos da UE. Tamén a contratación de tres técnicos.

Eixo 5. Avaliación

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5: XERAR EVIDENCIA CIENTÍFICA QUE SUSTENTE A TOMA DE DECISIÓNS DO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE NO RELATIVO Á INCORPORACIÓN DE TECNOLOXÍAS SANITARIAS, ASÍ COMO A ADOPCIÓN DE NOVAS PRÁCTICAS CLÍNICAS

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5: AVALIACIÓN DE TECNOLOXÍAS SANITARIAS, ELABORACIÓN DE GUÍAS DE PRÁCTICA CLÍNICA E ASESORAMENTO CIENTÍFICO-TÉCNICO

Antecedentes e diagnóstico de situación

A Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias (ATS) é o proceso de análise e investigación, dirixido a estimar o valor e contribución de cada tecnoloxía sanitaria na mellora da saúde individual e colectiva tendo en conta ademais o seu impacto económico e social. A ATS supón, ademais da procura e síntese de información na literatura científica, a toma en consideración de outros elementos de contexto incorporando á análise datos epidemiolóxicos, demográficos, económicos ou de utilización de tecnoloxías e servizos de saúde. O obxectivo final é informar a tempo nos procesos de toma de decisións dende os niveis de microdecisión (orientado ao paciente) ata os de macrodecisión que comportan a definición de políticas e estratexias de saúde[1].

Na Comunidade Autónoma de Galicia, a Unidade de Asesoramento Científico-Técnico, avalia-t –creada en 1999- é a unidade administrativa dependente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) responsable de avaliar a información científica dispoñible sobre a eficacia, efectividade, seguridade e eficiencia das tecnoloxías sanitarias e valorar o seu impacto sanitario, organizativo, económico y social. A unidade atende as demandas de avaliación de tecnoloxías sanitarias, elaboración de Guías de Práctica Clínica e asesoramento científico-técnico que se producen a nivel da Comunidade Autónoma.

Dado o elevado volume de actividade das axencias encargadas da avaliación de tecnoloxías, tanto a nivel nacional coma internacional, así coma á complexidade dos procesos de análise e

1 LAS AGENCIAS DE EVALUACIÓN DE TECNOLOGÍAS SANITARIAS EN ESPAÑA. Análisis de actividad y situación actual, Elena Pérez Cañellas (2011).

elaboración de informes, ao longo da última década véñense impulsando diferentes iniciativas a nivel nacional e internacional para fomentar a cooperación e o traballo en rede neste ámbito. Este traballo en rede procura a calidade, a eficiencia e a sustentabilidade na avaliación de tecnoloxías sanitarias. Neste contexto, dende 2012, avalia-t forma parte da "Red Española de Agencias de Evaluación de Tecnologías Sanitarias y Prestaciones del Sistema Nacional de Salud"[2] (RedETS)-formada polas axencias ou unidades de avaliación da administración xeral do estado e das comunidades autónomas. Nesta rede trabállase de maneira coordinada, cunha metodoloxía común e baixo o principio de recoñecemento mutuo e cooperación. Tamén se traballa en rede e de forma coordinada a través doutras iniciativas de ámbito europeo coma a "HTA Network. Red Europea de Cooperación en Evaluación de Tecnologías Sanitarias"[3].

No período 2018-2021 os retos en materia de avaliación se centran en continuar dando resposta as demandas de informes de tecnoloxías sanitarias, guías de práctica clínica ou asesoramento científico técnico realizadas a nivel autonómico ou enmarcadas na rede española e europea.

Aliñamento co Plan Estratéxico de Galicia

O eixo estratéxico 5: Avaliación alíñase coa prioridade e co obxectivo do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 seguintes:

- PA.2.1: Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables.

  OE 2.1.02 : Promover a atención integral adaptada ás necesidades dos/as pacientes, familiares e coidadores/as.

  OE 2.1.05: Adecuar as infraestruturas e o equipamento sanitario ás necesidades de pacientes e profesionais.

2 http://www.redets.msssi.gob.es

3 http://ec.europa.eu/health/technology_assessment/policy/network_en

Obxectivo Estratéxico e Obxectivos Operativos

O "Eixo 5: AVALIACIÓN" desenvólvese a través do "Obxectivo Estratéxico 5: AVALIACIÓN DE TECNOLOXÍAS SANITARIAS, ELABORACIÓN DE GUÍAS DE PRÁCTICA CLÍNICA E ASESORAMENTO CIENTÍFICO-TÉCNICO". Este plan engloba as actuacións dirixidas a avaliar as tecnoloxías sanitarias e elaborar outro tipo de informes de interese estratéxico, baseados na evidencia científica.

Obxectivo operativo 5.1: Realizar informes de avaliación de tecnoloxías sanitarias, así como a súa posterior difusión, solicitados pola Consellería de Sanidade/SERGAS; pola RedETS ou polos organismos europeos competentes en avaliación de tecnoloxías sanitarias.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 5.1 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión:

Acción	Indicador	V[1]	C[1]
5.1.1 Realizar informes de avaliación de tecnoloxías sanitarias para a Comisión Asesora e a Consellería de Sanidade/SERGAS	– Nº máximo de meses para obter a busca bibliográfica de cada informe dende a recepción da solicitude (Nº). – Informes a realizar a petición da Consellería de Sanidade (Comisión Asesora...) (Nº). – Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	3 (2) 8 90%	100%
5.1.2 Realizar os informes de avaliación de tecnoloxías sanitarias solicitados pola RedETS	– Protocolos de informe a elaborar (Nº). – Informes a realizar a instancias do Plan de Traballo da "RedETS" (Nº). – Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	16 16 90%	100%
5.1.3 Realizar actividades encomendadas polos organismos europeos relacionados coa avaliación de tecnoloxías dos que forma parte a Unidade de Asesoramento Científico-Técnico, avalia-t	– Informes a realizar en relación aos proxectos nos que se participará a nivel europeo (Nº). – Proxectos nos que colaborará avalia-t, no marco da Rede Europea de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias, HTA NETWORK (Nº).	4 4	100%

Acción	Indicador	V[1]	C[1]
	– Proxectos a coordinar por avalia-t na European Network for HTA, EuneHTA (Nº).	3	
	– Proxectos nos que colaborará avalia-t, no marco da International Network of Agencies for Health Technology Assessment (INAHTA) (Nº).	2	
	– Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	90%	
5.1.4 Difusión dos informes da avaliación e doutros produtos elaborados a través das redes sociais, artigos publicados en revistas científicas, boletíns electrónicos e participación en congresos e outras reunións e xornadas científicas	– Boletíns electrónicos a publicar (Nº).	8	100%
	– Asistencias a reunións científicas, congresos e xornadas (Nº).	8	
	– Artigos a publicar en revistas científicas (Nº).	4	
	– Comunicacións a presentar en reunións científicas, congresos e xornadas (Nº).	8	
	– Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	90%	
5.1.5 Levar a cabo a detección e avaliación preliminar de tecnoloxías emerxentes	– Expertos a contactar para a notificación de tecnoloxías emerxentes (DETECTA-T) (Nº).	400	100%
	– Búsquedas bibliográficas a realizar para detectar tecnoloxías emerxentes ao ano (Nº).	4	
	– Informes preliminares de tecnoloxías emerxentes a detectar (Nº).	16	
	– Informes definitivos de tecnoloxías emerxentes a elaborar (Nº).	6	
	– Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	90%	

1 V: Valor do acumulado do indicador meta no período 2018-2021. C: Grao de cumprimento esperado.

2: Non procede o valor acumulado posto que son número máximo de meses para cada búsqueda.

Accións de desenvolvemento do O.O. 5.1

ACCIÓN 5.1.1	REALIZAR INFORMES DE AVALIACIÓN DE TECNOLOXÍAS SANITARIAS PARA A COMISIÓN ASESORA E A CONSELLERÍA DE SANIDADE/SERGAS							
Descrición	Realizar os informes de avaliación de tecnoloxías sanitarias solicitados pola Comisión asesora para a incorporación de técnicas, tecnoloxías e procedementos, e outros servizos da Consellería de Sanidade/SERGAS.							
Reto	Xerar evidencia científica de valor para sustentar a toma de decisións sobre a incorporación de técnicas, tecnoloxías e procedementos sanitarios no Sistema Galego de Saúde.							
Responsable/es	Responsable da Unidade de Asesoramento Científico-Técnico,avalia-t							
	2018		**2019**		**2020**		**2021**	
Cronograma	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑
Duración	Os informes realízanse a demanda da Comisión Asesora e outros servizos da Consellería de Sanidade/SERGAS, polo que o calendarios está supeditado as datas de recepción de solicitudes. Os informes se realizan a medida polo que a súa duración pode variar en media entre un prazo de 6 a 9 meses e realízanse de forma continua ao longo do exercicio anual.							

Tarefas da acción (programación)	**2018**		**2019**		**2020**		**2021**	
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
1. Realizar a busca bibliográfica	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑
2. Realizar o informe final	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑
3.Presentar o informe á comisión	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑

Indicadores/Resultados esperados[1]	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**
• Nº máximo de meses para obter a busca bibliográfica de cada informe dende a recepción da solicitude	3	3	3	3
• Nº de informes a realizar a petición da Consellería de Sanidade (Comisión Asesora...)	2	2	2	2
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa	90%	90%	90%	90%

Recursos	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**
A. Materiais	Programa de xestión bibliográfica, paquete estatístico, programa de maquetación e paquete ofimático			
B. Humanos	2 e persoal externo (*)	2 e persoal externo (*)	2 e persoal externo (*)	2 e persoal externo (*)
C. Económicos	**22.988,97 €**	**23.256,48 €**	**23.452,94 €**	**23.452,94 €**

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Xefe/a de Servizo: 15% da súa xornada anual.
1 Auxiliar administrativo/a: 15% da súa xornada anual.
Persoal externo: documentalista 22,5%, persoal administrativo 10% e persoal técnico 1,17%.

ACCIÓN 5.1.2	REALIZAR OS INFORMES DE AVALIACIÓN DE TECNOLOXÍAS SANITARIAS SOLICITADOS POLA RedETS							
Descrición	Realizar os informes de avaliación de tecnoloxías sanitarias solicitados á "Red Española" polo Ministerio de Sanidad (Cartera de Servicios).							
Reto	Xerar evidencia científica de valor para sustentar a toma de decisións sobre a inclusión ou exclusión dunha tecnoloxía na Carteira de Servizos do SNS.							
Responsable/es	Responsable da Unidade de Asesoramento Científico-Técnico, avalia-t							
Cronograma	**2018**		**2019**		**2020**		**2021**	
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑
Duración	Coma no caso da acción 5.1.1, os informes realízanse a demanda polo que o calendario está supeditado as datas de recepción de solicitudes. Os informes realízanse a medida polo que a súa duración pode variar en media entre un prazo de 6 a 9 meses, a elaboración é unha actividade de carácter continuo ao longo do exercicio anual.							

Tarefas da acción (programación)	**2018**		**2019**		**2020**		**2021**	
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
1. Realizar a busca bibliográfica	☑		☑		☑		☑	
2. Desenvolver o protocolo do informe	☑		☑		☑		☑	
3. Realizar o informe final		☑		☑		☑		☑
4. Subir o informe ao e-room			☑		☑		☑	

Indicadores/Resultados esperados[1]	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**
• Nº de protocolos de informe a elaborar	4	4	4	4
• Nº de informes a realizar a instancias do Plan de Traballo da "RedETS".	4	4	4	4
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa	90%	90%	90%	90%

Recursos	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**
A. Materiais	Programa de xestión bibliográfica, paquete estatístico, programa de maquetación e paquete ofimático			
B. Humanos	2 e persoal externo (*)	2 e persoal externo (*)	2 e persoal externo (*)	2 e persoal externo (*)
C. Económicos	**224.252,06 €**	**224.556,46 €**	**224.780,00 €**	**224.780,00 €**

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Xefe/a de Servizo: 18% da súa xornada anual.
1 Auxiliar administrativo/a: 15% da súa xornada anual.
Persoal externo: documentalista 52,5%, persoal administrativo 40% e persoal técnico 1,67%.

ACCIÓN 5.1.3	REALIZAR ACTIVIDADES ENCOMENDADAS POLOS ORGANISMOS EUROPEOS RELACIONADOS COA AVALIACIÓN DE TECNOLOXÍAS DOS QUE FORMA PARTE A UNIDADE DE ASESORAMENTO CIENTÍFICO TÉCNICO, AVALIA-T
Descrición	Realizar encomendas dos organismos europeos aos que pertence a Unidade de Asesoramento Científico-Técnico, avalia-t
Reto	Xerar evidencias científicas do uso das tecnoloxías sanitarias que poidan ser compartidas polos servizos de saúde dos diferentes países membros da Unión Europea
Responsable/es	Responsable da Unidade de Asesoramento Científico-Técnico, avalia-t

	2018		2019		2020		2021	
Cronograma	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑

Duración	Coma no caso da acción 5.1.1, a natureza das actividades e a demanda polo que o calendario está supeditado as datas de recepción de solicitudes. As actividades teñen carácter continuo ao longo do exercicio anual.

Tarefas da acción (programación)	2018		2019		2020		2021	
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
1. Realizar un informe	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑
2. Participar nun protocolo de monitorización	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑
3. Participar nas reunións dos grupos	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑

Indicadores/Resultados esperados[1]	2018	2019	2020	2021
• Nº de informes a realizar en relación aos proxectos nos que se participará a nivel europeo	1	1	1	1
• Nº de proxectos nos que colaborará avalia-t, no marco da Rede Europea de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias, HTA NETWORK	1	1	1	1
• Nº de proxectos a coordinar por avalia-t na European Network for HTA, EuneHTA	1	1	1	0
• Nº de proxectos nos que colaborará avalia-t, no marco da International Network of Agencies for Health Technology Assessment (INAHTA)	1	0	1	0
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa	90%	90%	90%	90%

Recursos	2018	2019	2020	2021
A. Materiais	Programa de xestión bibliográfica, paquete estatístico, programa de maquetación e paquete ofimático			
B. Humanos	2 e persoal externo (*)	2 e persoal externo (*)	2 e persoal externo (*)	2 e persoal externo (*)

ACCIÓN 5.1.3	REALIZAR ACTIVIDADES ENCOMENDADAS POLOS ORGANISMOS EUROPEOS RELACIONADOS COA AVALIACIÓN DE TECNOLOXÍAS DOS QUE FORMA PARTE A UNIDADE DE ASESORAMENTO CIENTÍFICO TÉCNICO, AVALIA-T			
C. Económicos	**141.744,94 €**	**134.312,16 €**	**102.408,35 €**	**101.025,59 €**

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Xefe/a de Servizo: 10% da súa xornada anual.

1 Auxiliar administrativo/a: 15 % da súa xornada anual.

Persoal externo: documentalista 7,5 %, persoal administrativo 5 % e técnico 85 %.

ACCIÓN 5.1.4	DIFUSIÓN DOS INFORMES DA AVALIACIÓN E DOUTROS PRODUTOS ELABORADOS A TRAVÉS DAS REDES SOCIAIS, ARTIGOS PUBLICADOS EN REVISTAS CIENTÍFICAS, BOLETÍNS ELECTRÓNICOS E PARTICIPACIÓN EN CONGRESOS E OUTRAS REUNIÓNS E XORNADAS CIENTÍFICAS
Descrición	Actividades de difusión a través de distintas canles e medios dirixidas aos axentes implicados (entidades decisoras, clínicos, asociacións de pacientes, etc.) para mellorar o bo uso das tecnoloxías sanitarias.
Reto	Achegar as novidades referentes a tecnoloxías sanitarias tanto a decisores como clínicos e asociacións de pacientes.
Responsable/es	Responsable da Unidade de Asesoramento Científico-Técnico, avalia-t.

	2018		2019		2020		2021	
Cronograma	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑

Duración	Actividade de carácter continuo dada a natureza das tarefas incluídas nesta acción: os boletíns teñen carácter semestral, a preparación de artigos está en función dos resultados acadados e dos procesos de selección e revisión das revistas obxectivo, a participación en reunións científicas e congresos depende da programación anual realizada polas entidades promotoras da iniciativa.

Tarefas da acción (programación)	2018		2019		2020		2021	
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
1. Publicación do boletín	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑
2.Publicación de artigos	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑
3. Participación en congresos	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑

Indicadores/Resultados esperados[1]	2018	2019	2020	2021
• Nº de boletíns electrónicos a publicar	2	2	2	2
• Nº de asistencias a reunións científicas, congresos e xornadas	2	2	2	2
• Nº de artigos a publicar en revistas científicas	1	1	1	1

ACCIÓN 5.1.4	DIFUSIÓN DOS INFORMES DA AVALIACIÓN E DOUTROS PRODUTOS ELABORADOS A TRAVÉS DAS REDES SOCIAIS, ARTIGOS PUBLICADOS EN REVISTAS CIENTÍFICAS, BOLETÍNS ELECTRÓNICOS E PARTICIPACIÓN EN CONGRESOS E OUTRAS REUNIÓNS E XORNADAS CIENTÍFICAS			
• Nº de comunicacións a presentar en reunións científicas, congresos e xornadas	2	2	2	2
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa	90%	90%	90%	90%
Recursos	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**
A. Materiais	Programa de maquetación e paquete ofimático			
B. Humanos	2 e persoal externo (*)	2 e persoal externo (*)	2 e persoal externo (*)	2 e persoal externo (*)
C. Económicos	**45.242,55 €**	**45.371,04 €**	**45.465,40 €**	**45.465,40 €**

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Xefe/a de Servizo: 10% da súa xornada anual.
1 Auxiliar administrativo/a: 1% da súa xornada anual.
Persoal externo: documentalista 7,5%, persoal administrativo 10% e técnico 22%.

ACCIÓN 5.1.5	LEVAR A CABO A DETECCIÓN E AVALIACIÓN PRELIMINAR DE TECNOLOXÍAS EMERXENTES							
Descrición	Unha tecnoloxía emerxente é aquela que foi recentemente comercializada e aínda non está perfectamente implementada. Cada seis meses faise un barrido a través de informadores clave, solicitando información ao respecto a clínicos, xestores e usuarios. Esta información priorízanse e remítese ao Ministerio de Sanidad que posteriormente solicita a elaboración de fichas de evidencia para aquelas tecnoloxías de posible maior impacto.							
Reto	Coñecer de forma precoz a aparición deste grupo de tecnoloxías cara a no futuro valorar se poder ter interese a súa introdución en Carteira de Servizos do SNS.							
Responsable/es	Responsable da Unidade de Asesoramento Científico-Técnico, avalia-t							
Cronograma	**2018**		**2019**		**2020**		**2021**	
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑	☑
Duración	Os rastreo e elaboración de fichas de evidencia segue un ciclo semestral (Xan-Xun /Xull-Dec) para todo o período.							

ACCIÓN 5.1.5	LEVAR A CABO A DETECCIÓN E AVALIACIÓN PRELIMINAR DE TECNOLOXÍAS EMERXENTES							
Tarefas da acción (programación)	**2018**		**2019**		**2020**		**2021**	
	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S	1er S	2º S
1. Realizar a busca bibliográfica	☑		☑		☑		☑	
2. Elaborar os informes preliminares	☑		☑		☑		☑	
3. Elaborar as fichas definitivas		☑		☑		☑		☑

Indicadores/Resultados esperados[1]	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**
• Nº de expertos a contactar para a notificación de tecnoloxías emerxentes (DETECTA-T)	100	100	100	100
• Nº de búsquedas bibliográficas a realizar para detectar tecnoloxías emerxentes ao ano	1	1	1	1
• Nº de informes preliminares de tecnoloxías emerxentes a detectar	4	4	4	4
• Nº de informes definitivos de tecnoloxías emerxentes a elaborar		2	2	2
• % de execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa	90%	90%	90%	90%

Recursos	**2018**	**2019**	**2020**	**2021**
A. Materiais	Programa de xestión bibliográfica, paquete estatístico, programa de maquetación e paquete ofimático			
B. Humanos	2 e persoal externo (*)	2 e persoal externo (*)	2 e persoal externo (*)	2 e persoal externo (*)
C. Económicos	**56.503,50 €**	**56.550,25 €**	**56.584,58 €**	**56.584,58 €**

(1) Os valores dos indicadores/resultados esperados están expresados en neto anual.

(*) 1 Xefe/a de Servizo: 2% da súa xornada anual.
1 Auxiliar administrativo/a: 4 % da súa xornada anual.
Persoal externo: documentalista 7,5 %, persoal administrativo 10 % e técnico 54 %.

Obxectivo operativo 5.2: Elaborar guías de práctica clínica e colaborar na realización doutros produtos baseados na evidencia científica así como desenvolver outras actividades propias da unidade.

Fíxanse para o Obxectivo Operativo 5.2 os resultados esperados que se reflicten na seguinte táboa para o período de vixencia do Contrato Plurianual de Xestión:

Acción	Indicador	V[1]	C[1]
5.2.1 Realizar as Guías de Práctica Clínica (GPC) ou outros produtos baseados na evidencia (OPBE) encargados pola "Red Española de Agencias de Evaluación de Tecnologías Sanitarias y Prestaciones del Sistema Nacional de Salud".	– Reunións do grupo de traballo de elaboración da GPC (Nº). – GPC ou OPBE a elaborar (Nº). – Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	8 4 90%	100%
5.2.2 Colaborar, achegando a información relativa á Comunidade Autónoma de Galicia, có Instituto Aragonés de Ciencias de la Salud para a elaboración do Atlas de variacións na práctica médica.	– Remisión de datos necesarios, correspondentes á Galicia (Si/Non). – Áreas do atlas con datos de Galicia (%). – Execución do gasto respecto ao programado no CPX para a realización desta acción operativa (%).	Si (período 2018-2021) 100% 90%	100%
